



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



Proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as,

Primeiro exercicio

Acceso : promoción interna

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1. **Sexa o experimento aleatorio consistente en "elegir unha persoa ao chou entre a poboación galega". Consideremos os sucesos $A = \{ \text{persoa menor de 16 anos} \}$, $B = \{ \text{persoa de máis de 64 anos} \}$, onde as probabilidades de A e B son: $P(A) = 0,12$ e $P(B) = 0,22$, entón**
- A) $P(A \cup B) = 0,34$
 B) $P(A \cup B) = 0,22$
 C) $P(A \cup B) = 1$
 D) $P(A \cup B) = 0$
2. **Sábese que a probabilidade de ser home en Galicia é $P(H) = 1/2$, a de nacer no estranxeiro é $P(E) = 1/10$ e a de ser muller sabendo que é estranxeira é $P(M/E) = 1/3$. Elixiuse unha persoa ao chou en Galicia e resultou ser muller, cal é a probabilidade de que sexa estranxeira?**
- A) $1/10$
 B) $1/15$
 C) $1/2$
 D) $1/3$
3. **A variable aleatoria X ten por función de densidade $f(x) = \frac{-3x^2+3}{4} x \in [-1,1]$. Cal é o valor da probabilidade $P(X \leq 0)$?**
- A) 2
 B) 3
 C) $1/2$
 D) $2/3$
4. **Pola experiencia de anos anteriores sabemos que o gasto medio anual nun fogar de Galicia é de 10.000 € cunha desviación típica de 200 €. Tendo en conta estes datos, cal é o presuposto co que debe contar o fogar se quere ter unha probabilidade de polo menos o 75% de satisfacer as súas necesidades**
- A) 10.200 €
 B) 10.100 €
 C) 10.000 €
 D) 10.400 €

5. Sexan X e Y dúas variables aleatorias independentes, con función característica conxunta $\varphi_{xy}(t_1, t_2)$, con t_1 e t_2 variables reais non aleatorias, e funcións características individuais $\varphi_x(t_1), \varphi_y(t_2)$ entón:

- A) $\varphi_{xy}(t_1, t_2) = \varphi_x(t_1)\varphi_y(t_2)$
- B) $\varphi_{xy}(t_1, t_2) = 0$
- C) $\varphi_{xy}(t_1, t_2) = \varphi_x(t_1)$
- D) $\varphi_{xy}(t_1, t_2) = \varphi_y(t_2)$

6. Dada a variable aleatoria bidimensional (X, Y) con función de densidade

$$f(x, y) = \frac{x + y}{4} \quad 1 \leq x \leq 2, \quad 2 \leq y \leq 3$$

A función de densidade marxinal de X é:

- A) $f_1(x) = \frac{2x+5}{8} \quad 1 \leq x \leq 2$
- B) $f_1(x) = \frac{2x-5}{8} \quad 1 \leq x \leq 2$
- C) $f_1(x) = \frac{x-5}{8} \quad 1 \leq x \leq 2$
- D) $f_1(x) = \frac{x+5}{8} \quad 1 \leq x \leq 2$

7. Sexan X_1, X_2, \dots, X_n variables aleatorias estatisticamente independentes entre si dúas a dúas. Entón:

- A) A matriz de covarianzas é diagonal
- B) A traza da matriz de covarianzas é 0
- C) A matriz de covarianzas é igual a identidade
- D) A traza da matriz de covarianzas é igual ao rango da matriz

8. Un xogador de baloncesto consegue canasta de 3 puntos o 80% das ocasións. Cal é a probabilidade de que nun partido logre o seu primeiro triple ao cuarto intento?

- A) $(0,20)^3 * 0,8$
- B) $(0,80)^3 * 0,2$
- C) $0,20 * 0,8$
- D) $0,20 * (0,80)^3$

9. Sexan X_1, X_2, X_3, X_4 e Y_1, Y_2, Y_3 e Y_4 variables aleatorias $N(0,1)$ e

$$S = \frac{X_1}{\sqrt{\sum_{i=2}^4 Y_i^2/3}} ?$$

independentes ¿que distribución segue

- A) t de Student con 2 grados de liberdade
 - B) t de Student con 3 grados de liberdade
 - C) F de Snedecor con 3 grados de liberdade
 - D) Chi-cadrado de Pearson con 3 grados de liberdade
10. Nos presupostos dos fogares galegos a parte que dedican aos produtos alimenticios segue unha distribución Beta(2,2). Cal é a porcentaxe media?
- A) 50%
 - B) 75%
 - C) 25%
 - D) 100%
11. Sexan X, Y dúas variables aleatorias. Se a covarianza $cov(X,Y) > 0$ entón:
- A) A recta de regresión de Y sobre X é crecente e a correlación é positiva
 - B) A recta de regresión de Y sobre X é decrecente e a correlación é negativa
 - C) A recta de regresión de Y sobre X é crecente e a correlación negativa
 - D) A recta de regresión de Y sobre X non existe
12. A función de distribución empírica $F_n^*(x)$ da variable aleatoria X
- A) Non converxe en probabilidade á Función de distribución $F(x)$
 - B) Non converxe en distribución á Función de distribución $F(x)$
 - C) Converxe casi seguro á Función de distribución $F(x)$
 - D) Todas as respostas son falsas
13. Consideremos o seguinte proceso estocástico $X(t) = Ye^{-t}$ onde Y é unha variable aleatoria continua uniforme $U[0,1]$. A media de $X(t)$ é:
- A) $1/2$
 - B) $\frac{1}{2}e^{-t}$
 - C) $\frac{1}{2}e^{-2t}$
 - D) $\frac{1}{2\pi}e^{-2t}$

- 14. A diferenza fundamental entre o enfoque inferencial bayesiano e a inferencia estatística clásica radica en que**
- A) Os parámetros poboacionais considéranse fixos e descoñecidos na inferencia bayesiana
 - B) Suponse unha distribución a priori para os parámetros descoñecidos na inferencia estatística clásica
 - C) Os parámetros poboacionais descoñecidos considéranse unha variable aleatoria na inferencia bayesiana
 - D) Ningunha das respostas é correcta
- 15. O peso dos recém nados nos hospitais galegos seguen unha distribución normal con desviación típica 0,5 Kg. Cal é a probabilidade de que nunha mostra aleatoria simple de 9 recém nados a media supere á media poboacional en máis de 60 gramos. (Nota $P(N(0,1) \leq 0,36) = 0,64$)**
- A) 0,64
 - B) 0,23
 - C) 0,51
 - D) 0,36
- 16. Na inferencia estatística, baixo condicións de regularidade a cota de Crámer-Rao:**
- A) Non se pode calcular para poboacións normais
 - B) Permite determinar se un estimador é consistente
 - C) Permite determinar se un estimador é suficiente
 - D) Permite determinar se un estimador é eficiente
- 17. Os estimadores obtidos polo método de máxima verosimellanza, baixo condicións xerais son :**
- A) Inesgados
 - B) Asintoticamente normais e asintoticamente eficientes
 - C) Eficientes
 - D) Suficientes

18. Nunha poboación $N(\mu, \sigma^2)$ onde se descoñece o valor do parámetro σ obtense unha mostra aleatoria simple de tamaño 10 con media mostral \bar{x} e varianza mostral s^2 . O intervalo de confianza con confianza $1 - \alpha$ para a media da poboación é:

A) $[\bar{x} - \frac{s}{3}, \bar{x} + \frac{s}{3}]$

B) $[\bar{x} - t_{10} \frac{s}{\sqrt{10}}, \bar{x} + t_{10} \frac{s}{\sqrt{10}}]$

Onde t_{10} é o valor da distribución t de Student con 10 grados de liberdade que deixa á dereita unha probabilidade de $\alpha/2$

C) $[\bar{x} - z_{\alpha/2} \frac{\sigma}{\sqrt{10}}, \bar{x} + z_{\alpha/2} \frac{\sigma}{\sqrt{10}}]$

Onde $z_{\alpha/2}$ é o valor da distribución normal $N(0,1)$ que deixa á dereita unha probabilidade de $\alpha/2$

D) $[\bar{x} - t_9 \frac{s}{3}, \bar{x} + t_9 \frac{s}{3}]$

Onde t_9 é o valor da distribución t de Student con 9 grados de liberdade que deixa á dereita unha probabilidade de $\alpha/2$

19. Nunha poboación normal $N(\mu, \sigma^2=49)$ contrástase a hipótese nula $H_0 [\mu=20]$ fronte a alternativa $H_1 [\mu \neq 20]$ con un nivel de significación $\alpha=0,05$ e unha mostra aleatoria simple de tamaño 9. A rexión crítica deste contraste é:

A) $\left| \frac{\bar{x} - 20}{\frac{7}{3}} \right| < 1,96$

B) $\left| \frac{\bar{x} - 20}{\frac{7}{9}} \right| \geq 1,96$

C) $\left| \frac{\bar{x} - 20}{\frac{7}{3}} \right| \geq 1,96$

D) $\left| \frac{\bar{x} - 20}{\frac{7}{9}} \right| < 1,96$

20. Se un contraste de hipótese se refire a un só parámetro θ e $\lambda(X)$ é a razón de verosimillanza, entón baixo condicións de regularidade cúmprese que:

- A) $-2 \ln \lambda(X) \rightarrow \chi^2_1$ (converxencia en distribución)
- B) $-2 \ln \lambda(X) \rightarrow N(0,1)$ (converxencia en distribución)
- C) $-2 \ln \lambda(X) \rightarrow t_1$ de Student (converxencia en distribución)
- D) $-2 \ln \lambda(X) \rightarrow F_{1,1}$ de Snedecor (converxencia en distribución)

- 21. No test de Kolmogorov-Smirnov de bondade de axustamento cal das seguintes respostas é falsa:**
- A) Pódese aplicar a mostras pequenas
 - B) Só pode aplicarse cando a función de distribución da poboación onde se extrae a mostra é continua
 - C) Ten maior ou igual potencia que o test Chi cadrado de bondade de axustamento
 - D) Non se pode aplicar a mostras de tamaño inferior a 10
- 22. Nun modelo de Anova de dous factores fixos con interacción equilibrado, con I e J niveis e K replicacións en cada clase**
- A) A suma das interaccións en todos os niveis de cada factor debe ser sempre non nula.
 - B) As interaccións son unha variable aleatoria de media cero.
 - C) O test de nulidade das interaccións segue unha distribución F de Snedecor con $(I-1)(J-1)$ y $IJ(K-1)$ graos de liberdade no numerador e denominador respectivamente.
 - D) Ningunha das anteriores é correcta.
- 23. O coeficiente de Jaccard:**
- A) É a medida de reescalamento empregada para a realización da representación gráfica dun dendrograma.
 - B) É unha medida de similaridade que omite as ausencias conxuntas.
 - C) É unha medida de similaridade que ten en conta as ausencias conxuntas.
 - D) É unha medida da bondade do agrupamento en métodos non xerárquicos de agrupación.
- 24. Se realizamos unha análise discriminante con 10 variables, 4 grupos e dispoñemos de 60 observacións en total:**
- A) Existen 9 funcións discriminantes como máximo.
 - B) Existen 10 funcións discriminantes como máximo.
 - C) Existen 3 funcións discriminantes como máximo.
 - D) Existen 6 funcións discriminantes como máximo.
- 25. A distribución W de Wishart**
- A) Xeneraliza a distribución F de Snedecor ao caso multivariante.
 - B) Ten 2 parámetros asociados: dimensión e graos de liberdade.
 - C) Ten 3 valores asociados: dimensión, graos de liberdade e matriz de covarianzas.
 - D) Ten por media o produto dos graos de liberdade menos un e a matriz de varianzas.

26. As compoñentes principais

- A) Están tipificadas.
- B) Son invariantes ante cambios de escala nas variables orixinais.
- C) Obtidas a partir da matriz de covarianzas son as mesmas que as obtidas a partir da matriz de correlacións.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

27. Nun contexto dunha análise factorial

- A) O método do factor principal parte dunha estimación previa da matriz de especificidades.
- B) O método do factor principal iterado corrixe a posible non converxencia do método do factor principal.
- C) O método das compoñentes principais é invariante ante transformacións de escala das variables.
- D) O método da máxima verosimilitude na análise factorial non require normalidade nos datos.

28. Nunha análise de correlación canónica entre 2 conxuntos de 9 e 7 variables, o número de autovalores non nulos que dan a lugar aos pares de variables canónicas existentes é, en xeral,

- A) 6
- B) 7
- C) 8
- D) 9

29. Cal das seguintes afirmacións non é correcta?

- A) En xeral, a repercusión dunha compoñente nun índice depende da variación desa compoñente e da súa ponderación no cálculo do índice.
- B) A repercusión dunha compoñente sempre é menor ou igual que a variación total do índice.
- C) Un índice de prezos de Laspeyres é unha media harmónica ponderada dos índices simples de prezos.
- D) O índice de cantidades de Fisher é menor ou igual que o índice de cantidades de Sidgwick-Drovisch.

30. Se a renda de todos os individuos dunha poboación aumenta nunha determinada porcentaxe, entón

- A) A curva de Lorenz afástase da diagonal ao representala graficamente.
- B) O valor do índice de Theil T_1 aumenta.
- C) O índice de Gini diminúe.
- D) A varianza dos logaritmos non cambia.

- 31. Si o erro cuadrático dun estimador é igual a súa varianza**
- A) O estimador é inesgado
 - B) O nesgo do estimador é positivo
 - C) O nesgo do estimador é negativo
 - D) Nunca poden ser iguais o erro cuadrático medio e a varianza dun estimador
- 32. Na estimación dunha proporción utilizando mostraxe aleatoria simple sen reposición, ¿cal é a estimación inesgada da varianza, supoñendo que o tamaño poboacional e 241, o tamaño mostral 41 e a estimación mostral da proporción 0,25?**
- A) 0,003890
 - B) 0,003906
 - C) 0,003795
 - D) 0,155602
- 33. Sobre unha poboación de tamaño $N=100$ realizamos dous procedementos de mostraxe aleatorio simple, un con reposición e outro sen reposición, ambos co mesmo tamaño mostral $n=10$. Se a varianza poboacional do estimador da media con reposición é 11. Cal sería a varianza do mesmo estimador obtido polo procedemento sen reposición?.**
- A) 11
 - B) 9
 - C) 10
 - D) Ningunha das anteriores é correcta
- 34. Sexa unha poboación de tamaño $N=600$ dividida en tres estratos $N_1 = 300, N_2 = 100, N_3 = 200$. Mediante un procedemento de mostraxe estratificada necesitamos un tamaño mostral de 30. Se repartimos a mostra mediante unha afixación proporcional, ¿cales serían os tamaños mostrais de cada un dos estratos?**
- A) $n_1 = 10, n_2 = 10, n_3 = 10$
 - B) $n_1 = 15, n_2 = 5, n_3 = 10$
 - C) $n_1 = 12, n_2 = 9, n_3 = 9$
 - D) $n_1 = 20, n_2 = 5, n_3 = 5$

35. Nunha poboación de tamaño $N=1000$ sabemos que 500 teñen unha característica A. Realizamos un procedemento de mostraxe aleatoria sen reposición de tamaño $n=10$ para estimar o total de elementos que teñen outra característica B, obtendo os seguintes resultados. 6 teñen característica B, dos cales 3 teñen A. 4 non teñen característica B dos cales 3 teñen característica A. Cos datos obtidos e utilizando postestratificación (a partir da característica A), cal sería a estimación do total de persoas con característica B?

- A) 600
- B) 500
- C) 375
- D) 625

36. Nunha poboación de tamaño $N= 1000$ dividida en dous estratos extraemos unha mostra de tamaño $n=50$. Queremos coñecer a estimación do total poboacional dunha variable Y contando coa información dispoñible doutra variable X con total poboacional 12.000, obtendo o seguinte cadro de resultados.

	N_i	n_i	y_i	x_i
E1	600	40	120	8
E2	400	10	150	10

Onde E1 e E2 son os dous estratos no que se divide a poboación, N_i o tamaño poboacional de cada estrato, n_i o seu tamaño mostral, y_i o total mostral da variable Y, x_i o total mostral da variable X. Cal das seguintes respostas é a correcta?.

- A) O estimador separado da razón da unha estimación igual ca do estimador combinado
- B) O estimador separado da razón da unha estimación estritamente menor ca do estimador combinado
- C) O estimador separado da razón da unha estimación estritamente maior ca do estimador combinado
- D) Non é posible cos datos dispoñibles obter a estimación do estimador separado

37. O estimador lineal de regresión con pendente estimada mostral mediante mínimos cuadráticos é

- A) Inesgado sempre
- B) Ten nesgo de orde $1/n$
- C) Ten nesgo de orde $1/\sqrt{n}$
- D) Ningunha das anteriores é correcta

- 38. Nun esquema de mostraxe de conglomerados nunha etapa para a estimación da media dunha variable Y temos os seguintes datos. Tamaño fixo conglomerado $M=21$, tamaño de mostra $n=9$, conglomerados, Coeficiente de correlación entre conglomerados $\rho=0.50$. Se temos un esquema de mostraxe aleatoria simple con reposición de tamaño 189 para a estimación da media da mesma variable Y, o factor que mostra o cambio nas varianzas dos estimadores polo uso de conglomerados en vez de un elemento como unidade mostral ten o valor de**
- A) 1
 - B) 11,5
 - C) 11
 - D) Ningunha das anteriores é correcta
- 39. Nun esquema de mostraxe de conglomerados bietápico, con mostraxe con reposición en primeira etapa e con probabilidades iguais sen reposición en segunda etapa. Se na primeira etapa se asignan probabilidades de selección iguais, a mostra será autoponderada sempre si en segunda etapa**
- A) Non é posible obter unha mostra autoponderada
 - B) Se o tamaño de mostra é igual para todas as unidades primarias seleccionadas
 - C) Se se toma unha fracción de mostraxe en segunda etapa igual para todas as unidades
 - D) Ningunha das anteriores é correcta
- 40. Sexa unha poboación ordenada de tamaño $N=10$. Queremos facer unha mostraxe sistemática con tamaño mostral $n=4$. Utilizamos o método circular (circular systematic sampling method). ¿En cantas mostraxas diferentes aparece cada unha das unidades poboacionais?**
- A) 3
 - B) 1
 - C) 4
 - D) Ningunha das anteriores é correcta
- 41. Indique cal das respostas é falsa en relación ó método de Jackknife**
- A) É un método de remostraxe
 - B) É un método de estimación de varianzas
 - C) É un método para reducir nesgo de estimadores
 - D) Non se pode utilizar en mostraxe estratificado

- 42. Nun procedemento de mostraxe en dúas ocasións, consideramos o estimador do cambio entre as dúas ocasión máis simple, a diferenza de medias. Temos tres situacións:**
A as unidades da mostra na segunda ocasión son as mesmas que na primeira
B as unidades da mostra na segunda ocasión, algunhas son novas e outras permanecen
C as unidades da segunda ocasión son seleccionadas independentemente de novo
Si o coeficiente de correlación entre as dúas ocasións e positivo, a varianza do estimador cumpre que:
- A) Varianza situación A maior Varianza situación B
 - B) Varianza situación A maior Varianza situación C
 - C) Varianza situación A menor Varianza situación B
 - D) Varianza situación B maior Varianza situación C
- 43. Para estimar a proporción dunha especie rara de peces que vive nun lago decidiuse utilizar mostraxe inversa. Para obter 11 peces de dita especie necesitouse unha mostra de 1431 peces. A estimación utilizando o estimador inesgado é:**
- A) 10/1430
 - B) 11/1431
 - C) 10/1431
 - D) 11/1430
- 44. Sexa un esquema de mostraxe aleatorio simple sen reposición e probabilidades iguais. Queremos estimar o total dunha variable X. Para iso extraemos unha mostra de tamaño n dun marco con unidades valeiras, das que descoñecemos o seu número e substituímos as unidades valeiras que nos aparecen na mostra ata seleccionar n non valeiras. O estimador do total de X, $N/n \cdot x$, sendo x o total mostral e N o total poboacional (número de unidades no marco sen depurar) é un estimador**
- A) Inesgado
 - B) Nesgado sen saber o signo do nesgo
 - C) Nesgado positivo
 - D) Nesgado negativo
- 45. En mostraxe estratificado con reposición, con igualdade de mostra a ganancia en precisión da afixación proporcional con respecto a mostraxe aleatorio simple con reposición é tanto maior canto**
- A) Mais distintas sexan as varianzas de cada estrato
 - B) Menos distintas sexan as varianzas de cada estrato
 - C) Mais distintas sexan as medias de cada estrato
 - D) Menos distintas sexan as medias de cada estrato

- 46. No diagrama de Lexis, unha cohorte represéntase como:**
- A) Unha franxa horizontal
 - B) Unha franxa vertical
 - C) Unha liña vertical
 - D) Unha franxa diagonal
- 47. A taxa de mortalidade infantil ten no numerador:**
- A) O número de defuncións de menores de un ano de vida
 - B) O número de defuncións de menores de 28 días de vida
 - C) O número de defuncións de menores de 7 días de vida
 - D) O número de defuncións de nenos e nenas entre 28 e 365 días de vida
- 48. O intervalo protoxenésico defínese como:**
- A) O tempo transcorrido entre o matrimonio e o primeiro fillo nado vivo
 - B) O tempo transcorrido entre dous nacementos consecutivos
 - C) O tempo transcorrido entre o primeiro fillo nado vivo e o último fillo nado vivo
 - D) Ningunha das anteriores é correcta
- 49. A taxa de migración bruta ten no numerador:**
- A) O número de inmigracións
 - B) O número de emigracións
 - C) A suma de emigracións é inmigracións
 - D) A diferenza entre as inmigracións e as emigracións
- 50. O índice de lonxevidade ou sobreenvellecemento:**
- A) É unha proporción que ten no denominador a poboación de 65 e máis anos
 - B) É a esperanza de vida aos 65 anos
 - C) É a esperanza de vida aos 75 anos
 - D) É a idade media da poboación de 65 e máis anos
- 51. A suma do crecemento natural (ou vexetativo) e o saldo migratorio dá como resultado:**
- A) O crecemento total da poboación
 - B) O crecemento social
 - C) A taxa de crecemento da poboación
 - D) A porcentaxe de crecemento da poboación

52. O modelo de proxeccións de fogares LIPRO é:

- A) Un método de taxas de xefatura do fogar
- B) Un modelo estático
- C) Un modelo dinámico
- D) Todas son falsas

53. Indique cal das seguintes variables non é obrigatorio no Padrón municipal de habitantes:

- A) Data de nacemento
- B) Sexo
- C) Nacionalidade
- D) Estado civil

54. A información estatística de mortes fetais tardías obtense a partir do:

- A) Boletín estatístico de partos
- B) Boletín estatístico de abortos
- C) Certificado médico de defunción
- D) Boletín estatístico de defuncións

55. Nos directorios de empresas, unha unidade local é:

- A) Unha unidade organizativa de produción de bens ou servizos que dispón de certa autonomía de decisión, principalmente á hora de empregar os recursos correntes de que dispón
- B) Unha empresa ou parte desta, sita nunha localización xeográfica concreta e desde a que se exercen actividades económicas por conta dunha mesma empresa
- C) Unha empresa ou parte desta, sita nunha localización xeográfica concreta e desde a que se exerce unha única actividade económica por conta dunha mesma empresa
- D) Ningunha das anteriores

56. ¿Como se denomina o método de recollida de información que consiste nunha entrevista presencial asistida por un dispositivo multimedia portátil que ten incluído o cuestionario electrónico?:

- A) PAPI
- B) CAPI
- C) CATI
- D) CAWI

- 57. ¿Cal é o último nivel na estrutura da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009?:**
- A) A división
 - B) O grupo
 - C) A clase
 - D) A sección
- 58. Segundo o artigo 25.1 da Lei 9/1988 de estatística de Galicia, os datos que sirvan para identificar aos obrigados a subministrar información se deberán destruír:**
- A) Transcorridos cinco anos desde a súa comunicación
 - B) Só se o solicitan as persoas afectadas
 - C) Cando conservalos xa non sexa necesario para desenvolver as operacións estatísticas
 - D) Cando o determine a autoridade estatística
- 59. O artigo 11.2 da Lei 12/1989 da función estatística pública establece que os datos susceptibles de revelar as opinións políticas:**
- A) Son de achega obrigatoria se as estatísticas para cuxa elaboración se precisan figuran no Programa estatístico nacional
 - B) Son de achega obrigatoria se as estatísticas para cuxa elaboración se precisan figuran no Plan estatístico nacional
 - C) Son de achega estritamente voluntaria
 - D) No se poden solicitar
- 60. No contexto da Estratexia Europa 2020, a carencia material severa enténdese como a proporción da poboación que vive en fogares que carecen, cando menos, de catro conceptos dunha listaxe de nove, entre os que se atopa:**
- A) Facer fronte a gastos imprevistos
 - B) Un ordenador
 - C) Unha comida de carne ou pescada cada día
 - D) Manter a vivenda cunha temperatura axeitada

61. Sinale cal destas afirmacións é correcta

- A) Un stock é unha cantidade medida nun determinado momento de tempo, mentres que un fluxo é unha cantidade medida por unidade de tempo. O PIB é unha variable stock e a débeda pública é unha variable fluxo
- B) Un fluxo é unha cantidade medida nun determinado momento de tempo, mentres que un stock é unha cantidade medida por unidade de tempo. O PIB é unha variable fluxo e a débeda pública é unha variable stock
- C) Un fluxo é unha cantidade medida nun determinado momento de tempo, mentres que un stock é unha cantidade medida por unidade de tempo. O PIB é unha variable stock e a débeda pública é unha variable fluxo
- D) Un stock é unha cantidade medida nun determinado momento de tempo, mentres que un fluxo é unha cantidade medida por unidade de tempo. O PIB é unha variable fluxo e a débeda pública é unha variable stock

62. Para os efectos do Sistema Europeo de Contas (SEC), as unidades institucionais residentes no territorio económico agrúpanse en cinco sectores institucionais mutuamente excluíntes. ¿Cales son?

- A) Empresas, familias, administración pública, resto do mundo e outras entidades
- B) Fogares asalariados, Outros fogares, Sociedades, Administracións Públicas e Institucións Financeiras
- C) Fogares, Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares, Administracións públicas, Institucións financeiras e Sociedades non financeiras
- D) Fogares, Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares, Sociedades financeiras, Administracións Públicas e Sector resto do mundo

63. Sinale a afirmación correcta ao respecto da clasificación das unidades en sectores institucionais

- A) Todo produtor público clasifícase no sector Administracións públicas
- B) Todo produtor non de mercado clasifícase no sector Administracións públicas
- C) As empresas non constituídas en sociedade propiedade dos fogares clasifícanse no sector sociedades sempre que produzan bens de uso final propio
- D) Todas as afirmacións anteriores son incorrectas

64. ¿Cal das seguintes transferencias non se clasificaría baixo o epígrafe "Transferencias correntes diversas (D75)" recollido no SEC?

- A) As transferencias correntes ás Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares
- B) A cooperación internacional corrente
- C) As multas e sancións
- D) As transferencias correntes entre os fogares

- 65. Temos a seguinte información de determinadas operacións ou agregados incluídos nas Contas de produción e explotación dunha determinada rama de actividade.**
- **Produción: 80 u.m.**
 - **Consumos intermedios: 30 u.m.**
 - **Remuneración dos asalariados: 10 u.m.**
 - **Esta rama non pagou impostos nin recibiu subvencións**
- ¿Cal foi o valor engadido bruto desta rama e o excedente de explotación?**
- A) Valor engadido bruto: 50 u.m.; excedente de explotación: 40 u.m.
B) Valor engadido bruto: 70 u.m.; excedente de explotación: 40 u.m.
C) Valor engadido bruto: 50 u.m.; excedente de explotación: 50 u.m.
D) Valor engadido bruto: 40 u.m.; excedente de explotación: 50 u.m.
- 66. ¿Que táboa deberá utilizarse para calcular os coeficientes acumulados, é dicir, a inversa de Leontief?**
- A) As táboas de orixe e destino, a prezos básicos
B) A táboa de destino da produción interior
C) A táboa input-output simétrica para a produción interior
D) A táboa input-output simétrica para as exportacións
- 67. O método conceptualmente correcto para calcular o valor engadido en volume é:**
- A) Realizar una dobre deflación: deflactar por separado produción e consumos intermedios
B) Realizar unha dobre deflación: deflactar por separado exportacións e importacións
C) Usar deflactores da produción exclusivamente
D) O valor engadido non se calcula en volume
- 68. No contexto das Contas rexionais e segundo o Sistema Europeo de Contas, o método ascendente:**
- A) Consiste en distribuír un total nacional entre rexións, sen tratar de diferenciar as unidades residentes por rexión
B) Consiste en calcular os agregados pola vía da renda
C) Consiste en obter datos directamente das unidades residentes na rexión e obter as estimacións rexionais mediante agregación
D) Todas as anteriores son incorrectas
- 69. Se o prezo de mercado é menor que o prezo de equilibrio**
- A) Existe exceso de demanda
B) Existe exceso de oferta
C) A cantidade demandada é a de equilibrio
D) A cantidade ofrecida é a de equilibrio

70. A recta orzamentaria representa

- A) Todas as combinacións de bens coas que a cantidade total de diñeiro gastada é igual á renda
- B) Todas as combinacións de bens coas que a cantidade total de diñeiro gastada é inferior á renda
- C) Todas as restricións ás que se enfrontan os consumidores como consecuencia da súa renda limitada
- D) A combinación de renda e prezo que debe darse para poder adquirir unha determinada cantidade dun ben

71. A curva de Engel

- A) Sempre ten pendente positiva
- B) Pode ter pendente positiva nun tramo e negativa noutro; o cambio de positivo a negativo prodúcese a partir do valor da renda que fai que un ben pase de ser ben inferior a ben normal
- C) Pode ter pendente positiva nun tramo e negativa noutro; o cambio de positivo a negativo prodúcese a partir do valor da renda que fai que un ben pase de ser ben normal a ben inferior
- D) Sempre ten pendente negativa

72. En que consiste o efecto dotación?

- A) É a tendencia dos individuos a valorar máis un artigo cando non o posúen que cando o posúen
- B) É a tendencia dos individuos a valorar máis un artigo cando o posúen que cando non o posúen
- C) É a tendencia dos individuos a preferir ter ganancias a evitar as perdas
- D) É a tendencia dos individuos a preferir evitar as perdas a ter ganancias

73. Sinale a resposta correcta

- A) Os rendementos a escala representan a taxa á que aumenta a produción cando se incrementan os factores proporcionalmente
- B) Se a produción duplícase cando se duplican os factores, existen rendementos a escala crecentes
- C) Os rendementos a escala só poden ser crecentes ou decrecentes
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

74. Se só unha parte da man de obra que emprega a empresa pódese despedir en calquera momento sen indemnización, o total de salarios e xornais que paga a empresa debe considerarse como

- A) Só un custo fixo
- B) Só un custo variable
- C) Un custo en parte fixo e en parte variable
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

75. Sinala a resposta correcta

- A) A regra segundo a cal os beneficios se maximizan cando o ingreso marxinal é igual ao custo marxinal é válida para todas as empresas, xa sexan competitivas ou non
- B) A regra segundo a cal os beneficios se maximizan cando o ingreso marxinal é igual ao custo marxinal só é válida baixo o suposto de competencia perfecta
- C) A regra segundo a cal os beneficios se maximizan cando o ingreso marxinal é igual ao custo marxinal só é válida baixo o suposto de competencia monopolística
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

76. Sinala a resposta correcta

- A) O poder de monopolio non depende do número de empresas que compitan no mercado
- B) O poder de mercado é a capacidade dos vendedores ou dos compradores para influír no prezo dun ben
- C) Un monopolio bilateral é un mercado no que hai dous compradores e dous vendedores
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta

77. Sinala a resposta NON correcta

- A) O equilibrio do monopolista obtense naquel volume de produción para o cal o ingreso marxinal é igual ao custo marxinal
- B) No equilibrio a longo prazo nun mercado de competencia monopolística a cantidade producida é inferior á que corresponde ao mínimo dos custos medios
- C) O oligopolio é un tipo de mercado imperfecto porque non rexe o principio de indiferenza da mercadoría
- D) No curto prazo o equilibrio do empresario en competencia monopolística coincide co equilibrio do monopolista

78. O equilibrio no oligopolio, en comparación con competencia perfecta:

- A) Aumenta a produción e o prezo
- B) Reduce a produción e o prezo
- C) Aumenta a produción e reduce o prezo
- D) Reduce a produción e eleva o prezo

79. Sinale a resposta correcta

- A) Un ben público é un ben que non é excluín-te nin rival; o custo marxinal de provisión a un consumidor máis é cero e non é posible impedir a ninguén consumilo
- B) Un ben público é un ben que non é rival pero pode ser excluín-te; o custo marxinal de provisión a un consumidor máis é cero e non é posible impedir a ninguén consumilo
- C) Un ben público é un ben que non é excluín-te nin rival; o custo marxinal de provisión a un consumidor máis é positivo e non é posible impedir a ninguén consumilo
- D) Un ben público é un ben que non é excluín-te nin rival; o custo marxinal de provisión a un consumidor máis é cero e é posible impedir consumilo

80. O paro en espera é aquel provocado nunha situación na que os desempregados están esperando que xurdan novos postos de traballo e as empresas non baixan salarios. ¿Cal das seguintes opcións non é unha causa desta situación?

- A) Lexislación sobre salario mínimo
- B) Os sindicatos e a negociación colectiva
- C) Os salarios de eficiencia
- D) A produtividade marxinal do capital decrecente

81. Sinale cal das seguintes afirmacións é correcta

- A) A ecuación cuantitativa do diñeiro relaciona tipo de xuro con nivel de renda
- B) A teoría cuantitativa do diñeiro di que unha variación na cantidade de diñeiro debe provocar unha variación proporcional no PIB real
- C) A relación entre taxa de inflación e desemprego denomínase efecto Fisher
- D) A demanda de saldos monetarios ou demanda de diñeiro depende do nivel de renda e tipo de xuro nominal

82. Nunha pequena economía aberta, e nun contexto internacional de mobilidade perfecta do capital

- A) A decisións tomadas na dita economía afectan ao tipo de xuro
- B) O tipo de cambio real non depende dos niveis de prezos relativos
- C) A política fiscal non ten efecto no tipo de cambio real
- D) O país non exerce influencia significativa no tipo de xuro mundial

83. Sinale a afirmación incorrecta

- A) Unha redución da oferta monetaria despraza a curva de demanda agregada
- B) Un aumento da oferta monetaria despraza a curva de demanda agregada
- C) Un aumento da cantidade de capital despraza a curva de oferta agregada a longo prazo
- D) A longo prazo os prezos son ríxidos, o que explica que a curva de oferta agregada a longo prazo sexa plana

84. A curva LM

- A) A mostra a relación entre inflación e desemprego
- B) Desprázase se cambia a política fiscal
- C) Resume a relación entre o tipo de xuro e o nivel de renda resultante da función de investimento e da curva keynesiana
- D) Representa a relación entre tipo de xuro e o nivel de renda que xurde no mercado de saldos monetarios

85. No modelo Mundell-Fleming unha política fiscal expansiva

- A) Incrementa a renda de equilibrio se os tipos de cambio son fixos
- B) Incrementa a renda de equilibrio se os tipos de cambio son flexibles
- C) Compénsase sempre cun incremento de las importacións
- D) Compénsase sempre cun incremento de las exportacións

86. Sinale a afirmación incorrecta con respecto á curva de Phillips

- A) É unha forma de analizar e expresar a oferta agregada
- B) Indica que a taxa de inflación depende exclusivamente das perturbacións da oferta
- C) Vese afectada pola desviación do paro con respecto á taxa natural, chamada paro cíclico
- D) Expresa a relación entre inflación e paro

87. Segundo o modelo de investimento de existencias baseado no acelerador

- A) O investimento en existencias aumenta se a economía se desacelera
- B) O investimento en existencias aumenta se a economía se acelera
- C) O investimento en existencias non está influída pola marcha da economía
- D) Un aumento na poboación dun país diminúe o investimento en existencias

88. Sinale cal dos seguintes modelos explica a demanda de diñeiro

- A) Modelo Mundell-Fleming
- B) A q de Tobin
- C) Hipótese do ciclo vital
- D) Modelo Baumol-Tobin

89. Na actualidade, o índice sintético (ou indicador conxuntural) de fecundidade en Galicia está no intervalo:

- A) [1,0 ; 1,5)
- B) [1,5 ; 2,0)
- C) [2,0 ; 2,5)
- D) [2,5 ; 3,0)

- 90. A taxa de ocupación ten no denominador:**
- A) A poboación total
 - B) A poboación de 16 y máis anos
 - C) O número de activos
 - D) O número de activos de 16 y máis anos
- 91. O Produto interior bruto por habitante medido en paridades de poder de compra é o principal indicador para coñecer a converxencia de Galicia con España e coa Unión Europea. ¿Onde se sitúa Galicia utilizando este indicador, sendo a media da UE-28 = 100?**
- A) Sitúase por baixo do 50
 - B) Sitúase por baixo da media europea pero por riba de 50
 - C) Sitúase por riba da media europea (é maior que 100)
 - D) Sitúase exactamente na media europea (é igual a 100)
- 92. ¿Que organismo internacional supervisa o sistema monetario internacional e realiza un seguimento ás políticas económicas e financeiras dos seus membros, actividade coñecida como supervisión?**
- A) A Comisión Europea
 - B) Fondo Monetario Internacional (FMI)
 - C) O Comité de axuda ao desenvolvemento
 - D) O Banco Mundial
